



# O teu informe de bases de cotización

## O teu informe de bases de cotización

As bases de cotización determinan o importe das cotas que a empresa, o empregador do fogar ou o traballador autónomo deben ingresarlle á Seguridade Social, así como a contía de futuras prestacións e da xubilación que reciban os traballadores.

- Se traballas por conta allea, verás as bases de cotización declaradas pola túa empresa.
- Se es responsable do ingreso das túas cotas ou se subscribes un convenio especial, amosaranse as bases polas que debiches cotizar, independentemente de que estean ou non ingresadas.

O informe ofrece información sobre:

- Réxime no que estás ou estiveches dado de alta.
- Empresas para as que prestas ou prestaches servizo.
- As bases de cotización ordenadas segundo meses e anos.

### Como obteño o meu informe de bases de cotización?

- 1 Descarga a aplicación Importass Seguridade Social en [Google Play Store](#) ou na [App Store](#).



2

Accede á aplicación e identifícate mediante:



CI@ve permanente



CI@ve móbil




Vía SMS



Certificado dixital

3

Busca o apartado «Tu vida laboral».



4

Preme en «Ver tus bases de cotización».



5

Consulta as túas bases de cotización dos períodos nos que estiveches de alta na Seguridade Social e filtra por empresa e data.



6

Preme sobre «Descargar informe», nomea o arquivo e, unha vez descargado, estará dispoñible en «Documentos» para consultalo cando o necesites.


## Coñece a túa área persoal en Importass desde onde podes...

- ▶ Descargar o documento que acredita o teu número da Seguridade Social.
- ▶ Actualizar os teus datos persoais, de contacto e domicilio.
- ▶ Comprobar a túa situación na Seguridade Social.
- ▶ Consultar os teus avisos.
- ▶ Acceder a «Documentos» para visualizar os teus informes e resolucións.
- ▶ Realizar os teus trámites.



## Accede á aplicación Importass Seguridad Social e terás un espazo...

- ▶ De navegación sinxela desde calquera dispositivo.
- ▶ Con linguaxe clara para que encontres o que necesites en cada momento.
- ▶ Adaptado a ti, con información personalizada.
- ▶ Desde onde descargar os teus informes, realizar trámites en liña de forma sinxela e consultar información.



Descarga a aplicación.  
Realiza a través do teu móbil trámites e consulta información.



Accede a Importass ,  
o portal da Tesourería, a través de  
**portal.seg-social.gob.es**  
ou escanea o seguinte QR:



Síguenos en X  
**Información TGSS**  
X @info\_TGSS